




5 DE XUÑO DE 2026



DÍA MUNDIAL DO MEDIO AMBIENTE

Coida o PLANETA,
coida o noso FUTURO.

CEIP PLURILINGÜE SANTA MARÍA DO
VALADOURO



POLOS
CREATIVOS

ÍNDICE

03

CONTEDORES
Educación Infantil

10

COMPOSTEIRO
Primeiro de EP

12

DECÁLOGO DE BOAS PRÁCTICAS
Segundo e terceiro de EP

14





O PUNTO LIMPO
Cuarto de EP

19

DECÁLOGO DE MALAS PRÁCTICAS
Quinto de EP

PORTADA, ÍNDICE E CONTRAPORTADA
(alumnado de sexto de EP)

ALUMNADO DE 4º EI





No CONTEDOR AMARELO podes tirar:


- Botellas e envases de plástico.
- Bolsas de plástico e envoltorios.
- Bandexas e film plástico de alimentos.
- Latas de bebidas e conservas.
- Tapas e tapóns de plástico ou metal.
- Papel de aluminio e bandexas de aluminio.
- Briks de leite, zume, caldo, etc.




No CONTEDOR AZUL podes tirar:

- Xornais e revistas.
- Folios e papel de escribir.
- Sobres (incluídos os que teñen ventá de plástico).
- Caixas de cartón pregadas.
- Cartón de embalaxe.
- Cadernos sen espirais nin elementos de plástico.
- Bolsas de papel.

ORGÁNICO





Neste contedor podes tirar:

- Botellas de viño, cervexa, licores ou zumes.
- Frascos de perfume ou cosmética.
- Tarros e frascos de conservas, marmeladas ou salsas.

Non se pode tirar:

- Cristal de vasos, copas ou vaixela.
- Espellos e cristais de xanelas.
- Bombillas ou fluorescentes.
- Tapóns, tapas ou cortizas.
- Cerámica, porcelana ou barro.



Neste contedor podes tirar:

- Restos de alimentos como peladuras de froitas, verduras, espiñas, osos e cascas (de ovo ou marisco).
- Restos de cociña tanto cociñados como crus (carne, peixe, pasta, arroz).
- Pos de café e restos de infusións (sen a grapa metálica da bolsa).
- Papel de cociña e servilletas usadas que estean sucias de comida ou graxa.
- Tapóns de cortiza natural (sen elementos de plástico ou metal).
- Pequenos restos vexetais como follas secas, ramallos ou flores.

Non se pode tirar:

- Aceite de cociña.
- Excrementos de animais ou area de gato.
- Pañais, compresas, potas ou toallitas húmidas.
- Cigarróns e cinza de tabaco ou de lareira.
- Bolsas de plástico comúns.

ALUMNADO DE 6º EI



PILAS



ACEITE



MEDICAMENTOS



No CONTEDOR DE PILAS poido tirar:

- Pilas de botón
- Pilas alcalinas ou salinas.
- Baterías de móbiles vellos ou cámaras de fotos.
- Baterías recargables de pequenos aparellos eléctricos.



No PUNTO SIGRE poido tirar:

- Medicamentos caducados ou que xa non necesites.
- Envases baleiros de medicamentos.
- Restos de xaropes ou pastillas que sobren nos seus botes.

Non se pode tirar.

- Agullas ou xiringas.
- Termómetros.
- Radiografías..
- Gasas, vendas ou algodones sucios.
- Produtos de cosmética ou de hixiene persoal.

No CONTEDOR DO ACEITE poido tirar:

- Aceite de fritir usado.
- Aceite das latas de conserva.
- Aceite de botes de alimentos.

Non se pode tirar:

- Aceite de motor ou de coche.
- Graxas animais.
- Líquidos de freos ou lubricantes industriais.



ALUMNADO DE 1º EP



QUE POIDO TIRAR NO COMPOSTEIRO?


Para que o compost sexa bo, debes mesturar estes dous tipos de materiais:

1. Materiais húmidos ou "verdes" (Aportan nitróxeno):

- Restos de froitas e verduras (peladuras, nocións, anacos estragados).
- Pos de café e restos de infusións (sen a grapa metálica).
- Restos de herba fresca, follas verdes e flores.
- Restos de colleita da horta.

2. Materiais secos ou "marróns" (Aportan carbono):

- Follas secas e pequenos ramallos triturados.
- Palla, herba seca ou serraduras de madeira limpa (sen tratar).
- Cartón e papel sen tinta de cores (caixas de ovos, papel de cocina) cortados en anacos pequenos.
- Cascas de ovo (mellor se as machacas un pouco).
- Cascas de froitos secos (noces, castañas, etc.).



QUE NON DEBO TIRAR NO COMPOSTEIRO?

Ainda que sexan orgánicos, estes materiais estragan o proceso, xeran cheiros ou atraen pragas (ratos, bichos):

- Restos de carne, peixe ou ósos (podrecen, cheiran mal e atraen animais).
- Comida cociñada, aceites, graxas ou salsas.
- Produtos lácteos (queixo, leite, iogures).
- Excrementos de cans ou gatos (poden conter parasitos perigosos).
- Plantas enfermas ou con pragas (pódense propagar polo compost).
- Mato con sementes (as sementes non morren e nacerán onde botes o abono).
- Cinza de carbón ou madeiras tratadas con verniz ou pintura.
- Plásticos, vidro, metal ou calquera material non biodegradable.

ALUMNADO DE 2º E 3º EP

Decálogo de boas prácticas

MEDIOAMBIENTAIS

- ① Non usar a lixa e ir andando.
- ② Pechare a billa cando non se precisen.
- ③ Apagar as luces cando non se precisen.
- ④ Non queimaran os montes.
- ⑤ Usar máis o transporte público,
Usar a lixa e ir andando.
- ⑥ Tirar a lixa no seu colector.
- ⑦ Non talar árbores sen necesidade.

- ⑧ Reutilizar e aproveitar os cursos.
- ⑨ Non malgastar papel.
- ⑩ Non tirar uridra. Metelo no seu colector.



Con dez xestos podemos facer moito!!



Decálogo de boas prácticas




MEDIOAMBIENTAIS

- ① Non matar animais pequenos;
- ② Pechare a billa cando non se precisen.
- ③ Apagar as luces cando non se precisen.
- ④ Non queimarmos os montes.
- ⑤ Usar máis o transporte público, usar a bici e ir andando.

- ⑥ Tirar a lixa no seu colector.
- ⑦ Non talar árbores sen necesidade.
- ⑧ Reutilizar e aproveitar os cursos.
- ⑨ Non malgastar papel.
- ⑩ Non tirar uridra. Metelo no seu colector.







Con dez xestos podemos facer moito!!

ALUMNADO DE 4º EP

O punto limpo

Son instalacións con
equipamento axeitado para a
separación selectiva e almacenamento
temporal de residuos de orixe
doméstica de especiais
características.

Estas instalacións, deben contar con
peche para limitar o acceso de
persoas non autorizadas e previr
o roubo ou estragos nas mesmas.




HORARIO

Luns e mércores de 9^h a 13^h e de 15^h a 19^h
SÁBADOS DE 9H a 15H



Teléfono: 617232959

RESÍDUOS NÃO PERIGOSOS



Podem estar no
Ponto Limpo até
2 anos.

APARATOS ELÉCTRICOS E ELECTRÓNICOS (RAEEs)



Aproveitamento
de peças
2ª VIDA

RESIDUOS PERIGOSOS



Só poden estar
6 meses como
máximo.

O ponto limpo

Seas instalações em equipamento adequado para a separação selectiva e armazenamento temporário de resíduos de origem doméstica de pequenas e médias empresas.

Estas instalações, devem contar com meios para limitar o acesso de pessoas não autorizadas e impedir o roubo ou estragos nos mesmos.

HORARIO

Segunda e terça-feira de 9h a 13h e de 15h a 19h
Sábados de 9h a 15h

Teléfono: 617222959



Podem estar no Punto Limpio até 2 anos.



Aproveitamento de 2ª VIDA



Só podem estar 6 meses como máximo.



PUNTO LIMPIO




PUNTO LIMPIO



Punto Limpio

PUNTO LIMPIO

Venta y Distribución de Productos para la Limpieza



PUNTO LIMPIO

DESCOBRE O NOSO...

DECÁLOGO DE MALAS PRÁCTICAS

ESTE DECÁLOGO SOBRE MALAS PRÁCTICAS NO MEDIO AMBIENTE COMPRENDE UN CONXUNTODE DEZ ACCIÓNS OU COMPORTAMENTOS QUE PERXUDICAN O ENTORNO NO QUE VIVIMOS.

ESTE DECÁLOGO SERVE COMO FERRAMENTA EDUCATIVA E DE REFLEXIÓN, XA QUE AXUDA A IDENTIFICAR CONDUTAS POUCO SOSTIBLES E PROMOVE CAMBIOS PARA A PRÁCTICAS MÁIS RESPONSABLES E RESPECTUOSAS CO MEDIO AMBIENTE



1

UN BO DÍA PARA GARDAR MEDICAMENTOS CADUCADOS

Gardar medicamentos caducados supón un perigo para a saúde e para o medio ambiente, xa que perden efectividade e, se se tiran en lugares inadecuados, poden causar contaminación ambiental.

Por iso, os hospitais e as farmacias dispoñen de contedores específicos para a súa correcta eliminación.

2

SÓBRACHE XAROPE? AO VÁTER E LISTO.

Tirar medicamentos polo váter contamina a auga e pode danar os ecosistemas acuáticos, xa que moitas substancias químicas non se eliminan correctamente nas depuradoras.

Por iso, o xarope sobrante debe tirarse nos contedores específicos das farmacias (punto SIGRE) ou nos habilitados en hospitais.



3

BOMBILLAS AO VIDRO: UNHA IDEA BRILLANTE... OU NON?



Tirar as bombillas ao contedor do vidro é unha mala práctica porque conteñen compoñentes perigosos como metais e gases que poden contaminar o ambiente e dificultar o proceso de reciclaxe do vidro.


Por iso, deben depositarse en puntos limpos ou nos contedores específicos para residuos eléctricos e electrónicos, onde se xestionan de forma segura.

4

VERTIDO DE ACEITE: FERTILIZANTE PREMIUM PARA O ASFALTO

Verter aceite de motor usado no chan é moi contaminante porque é unha substancia tóxica que non se degrada facilmente. Pode infiltrarse no solo, contaminar as augas subterráneas e afectar seriamente a plantas e animais.

Por iso, a forma correcta de desfacerse del é levalo a puntos limpos ou talleres autorizados, onde se recolle e se trata para a súa reciclaxe ou eliminación segura.



5

GUÍA EXPRES: TIRAR TOALLITAS POLO VÁTER E QUE A NATUREZA SE ENCARGUE



Tirar toallitas polo váter causa graves problemas ambientais e de saneamento, xa que non se desfán como o papel hixiénico. Acaban provocando atascos nas tubaxes e nas depuradoras, o que pode levar a verteduras contaminantes e danos nos ecosistemas acuáticos.

Por iso, a forma correcta de desfacerse delas é tiralas ao lixo común, nunca ao inodoro, para evitar obstrucións e contaminación.

6

RECICLAXE NIVEL EXPERTO: PILAS AO CONTENEDOR NORMAL

Tirar pilas gastadas ao lixo común é moi prexudicial para o medio ambiente, porque conteñen substancias tóxicas como o mercurio. Estes compostos poden liberarse co tempo, contaminando o solo e a auga e afectando aos seres vivos.

Por iso, a forma correcta de desfacerse delas é levalas a puntos de recollida específicos, como contedores de pilas en tendas, centros públicos ou puntos limpos.





7

ADEUS AO IPHONE: AGORA CONTAMINA EN LIBERDADE

Os móbiles conteñen materiais contaminantes como litio, chumbo ou mercurio. Se se tiran ao lixo normal ou na natureza, estas substancias poden filtrarse ao solo e á auga, causando danos no medio ambiente e na saúde. Ademais, tamén levan metais valiosos que poden reutilizarse.


Por iso, os móbiles vellos deben depositarse en puntos limpos e en colectores específicos para aparellos electrónicos.

8

O FREGADOIRO NON COME ACEITE

Tirar aceite usado polo fregadoiro é moi prexudicial porque se solidifica e pega ás tubaxes, provocando atascos e malos cheiros. Ademais, contamina a auga dos ríos e do mar, xa que un só litro de aceite pode chegar a contaminar miles de litros de auga.

Por iso, a forma correcta de desfacerse del é deixalo arrefriar e gardalo nun recipiente pechado (como unha botella ou tarro) e levalo despois a un punto limpo ou aos colectores específicos para aceite usado, onde se pode reciclar e transformar en produtos como biodiésel.



9

BOTA O PESTICIDA NO CAMPO... E RECOLLE PROBLEMAS



Abandonar envases de pesticidas no campo é moi prexudicial para o medioambiente porque os restos de produtos químicos poden contaminar o solo, a auga e afectar aos animais e ás plantas. Ademais, estes envases tardan moito tempo en degradarse.

Por iso, o correcto é recoller sempre os envases despois do seu uso, gardalos de maneira segura e levalos a puntos de recollida autorizados do SIGFITO.

**BOTAR O TÓNER EN CALQUERA
LADO: IMPRIMIENDO
CONTAMINACIÓN"**

Ademais, moitos destes materiais tardan anos en degradarse.



ALUMNADO DE 5º EP

REDUCE

REUTILIZA

RECICLA



Cuida do planeta,
e o planeta cuidará
de ti.

CUIDAR O MEIO

AMBIENTE

CUIDA NOSSO FUTURO



PEQUENOS XESTOS
GRANDES CAMBIOS

ALUMNADO DE 6º EP

